XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 19 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra a Xunta de Galicia e o Partido Popular por unha posible infracción do artigo 50 LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, a Xunta Electoral de Zona da Coruña traslada á Xunta Electoral de Galicia denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE) contra a Xunta de Galicia e o Partido Popular por anuncio en diferentes medios e na páxina web da Xunta de Galicia dun proxecto de actuación na zona do Parrote da Coruña, e no que solicitan a urxente incoación dun procedemento sancionador ou, no seu caso, que se aperciba á Xunta de Galicia e ao partido Popular que se absteñan de realizar actos institucionais que vulneren o artigo 50 LOREX (RE 265/2024).

2. 2. O 17 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 536 e 537 respectivamente), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (RS 538/2024).

3. O 17 de xaneiro de 2024, o Partido Popular cumpriu o trámite concedido formulando alegacións (RE 270/2024) Así mesmo, con data 18 de xaneiro de 2024 a Xunta de Galicia cumpriu o trámite concedido formulando as súas alegacións (RE 277/2024).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Xunta Electoral Central ten declarado reiteradamente que o inicio dun período electoral non interrompe o normal funcionamento dos servicios públicos polo que, consecuentemente, os poderes públicos poden proporcionar información que sexa de interese xeral, sen prexuízo de que deban respectar o principio de neutralidade política que durante o dito período impón, nos apartados 2 e 3, o artigo 50 da LOREX, interpretados en consonancia cos artigos 23.2 y 103.1 da Constitución, tal e como ten posto de manifesto o Tribunal Supremo nunha abondosa xurisprudencia.

No caso que nos ocupa, a denuncia presentada carece da determinación e acreditación das vulneracións ás que o escrito se refire. Ten por obxecto unha actuación na que participaron autoridades das administracións autonómica e do Estado que deriva da execución do "Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de A Coruña para a redacción do proxecto e execución da obra "Estrutura flotante na zona do Parrote do Porto da Coruña para a realización de actividades náutico deportivas", formalizado o 21 de abril de 2023, oito meses antes da convocatoria do proceso electoral. Á vista da súa parte expositiva, non hai dúbida de

que a obra que se vai a executar ten interese xeral e que as actuacións que deben desenvolverse, tanto técnicas como xurídicas, enmárcanse nas competencias das administracións involucradas no proxecto; entres elas, obviamente, a redacción e execución do proxecto de execución da obra (cláusula cuarta do convenio). Por maior abastanza, as autoridades que, segundo a denuncia, estaban presentes na presentación do proxecto, representaban ás administracións implicadas: un responsable da Autoridade Portuaria, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e o delegado territorial da Xunta de Galicia en A Coruña, independentemente do feito de que estes dous últimos cargos sexan membros da candidatura do Partido Popular; feito do que non cabe inferir de xeito automático e sen ningunha proba directa ou indicio, que se convertera en electoralista. A afirmación do denunciante de que o feito denunciado ten natureza electoralista carece de precisión, xa que non proporciona ningún elemento obxectivo que permita concluír que se cometeu unha infracción electoral.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia. Os feitos aportados nos escritos de denuncia deben ser suficientes xa que pola Xunta Electoral de Galicia non procede facer un procedemento de integración dos mesmos.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 21 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal